

A SITUACIÓN TRAS A GUERRA.

A guerra supuxo a desarticulación das economías dos países combatentes, que orientaran a súa actividade económica ao esforzo bélico. Cando o conflito terminou enfrontáronse a graves problemas.

O conflito supuxera a perda de millóns de vidas humanas, a destrución de bens e infraestruturas e a paralización de novos investimentos para o mantemento e a renovación do aparello produtivo. Ademais, tivo enormes custos financeiros. Por unha parte, a excesiva creación de diñeiro deu paso á depreciación das moedas e a unha rápida alza dos prezos (**inflación**). Pola outra, os países belixerantes endebedáronse masivamente ao emitir débeda pública. Ao problema da débeda interna engadiuse a débeda exterior, sobre todo con Estados Unidos.

1. OS FELICES ANOS 20.

Estados Unidos coñeceu na década dos 20 un espectacular crecemento da súa produción industrial e tamén das súas exportacións, co que se reforzou o seu papel hexemónico. Esta expansión caracterizouse por apoiarse en prácticas económicas e sectores innovadores. Experimentaron un forte impulso as novas industrias, como a automobilística, eléctrica (electricidade, teléfono, cine), electrodomésticos (frigoríficos, radios), química (refinamento do petróleo, pneumáticos, fertilizantes, produtos farmacéuticos) e aeronáutica. Tamén se desenvolveron novas fontes de enerxía (electricidade e petróleo).

Nas industrias estadounidenses impúxose a produción en masa. A aplicación de novos métodos de organización do traballo (taylorismo) e da produción estandarizada e en cadea (fordismo) aumentou a produción e abaratóu os prezos.

Unha característica nova foi o desenvolvemento da publicidade (prensa, radio, carteis...) e de novos sistemas de compras a prazos. A publicidade estimulaba estas compras, permitindo que persoas con salarios medios e baixos comprasen produtos. Empezouse a desenvolver un consumo de masas: consumismo.

Pola súa parte, Europa recuperouse da crise de posguerra, pero deixou de ser o centro da economía mundial. Das potencias europeas só Francia e Alemaña experimentaron un importante crecemento da produción industrial, debido ás necesidades da reconstrución destes dous países, que sufriran as maiores destrucións. Basearon a súa recuperación económica nas achegas de capital británico e estadounidense.

Cambios sociais.

Nos anos vinte creouse unha nova xeración de burgueses adineirados, os “novos ricos”. Ao mesmo tempo, houbo unha diminución da poboación agrícola e un aumento da clase obreira e dos empregados no sector terciario (comerciantes, administrativos de bancos e empresas, funcionarios). Esta crecente masa de empregados compoñía a parte ascendente dos asalariados de clase media, que tiñan un tipo de vida e unhas condicións de traballo que os distinguían da clase obreira.

Outro feito decisivo da posguerra foi o proceso de emancipación da muller. A súa incorporación ao traballo fóra da casa durante a Primeira Guerra Mundial, substituíndo os homes que estaban na fronte, creou unha nova conciencia entre as mulleres do seu papel social. Unha vez acabado o conflito, reclamaron a igualdade de dereitos cos homes, incluíndo o dereito ao voto e o de participación política.

O acceso da muller ao traballo e a extensión do dereito ao voto significaron un progresivo aumento do peso social feminino.

A prensa especializada asumiu a dobre tarefa de subministrar información e crear estados de opinión pública, transformándose no que se denominou o «cuarto poder».

A radio converteuse na única tecnoloxía de información, entretemento e publicidade que penetrou na privacidade doméstica. A súa influencia social axiña foi percibida non só polas axencias de publicidade, senón tamén por outros grupos e colectivos políticos.

O cine, que se expandiu e se consolidou neste período como o espectáculo máis popular, foi a manifestación desta nova cultura de masas, sobre todo coa aparición do cine sonoro. O cine transformouse axiña nun verdadeiro espectáculo e nunha grande industria. Outro tipo de espectáculos que empezaron a atraer a grandes masas foron as competicións deportivas: o fútbol en Europa, béisbol e rugby en Estados Unidos e, en xeral, o boxeo.

2. O CRAC E A GRAN DEPRESIÓN.

En outubro de 1929 produciuse a quebra da Bolsa de Nova York, que provocou o afundimento dos investimentos e da actividade económica en Estados Unidos.

O afundimento da Bolsa de Nova York, o famoso **crac do 29**, foi o detonante da crise económica. Pero as causas foron máis fondas:

- O crecemento da produción agraria e industrial, maior ca o da demanda, e que provocou unha crise de sobreprodución.
- O elevado índice de investimentos especulativos e o recurso xeneralizado ao crédito bancario para investir na Bolsa.

A pesar destes signos ameazadores, entre 1927 e a primavera de 1929 o valor das accións da Bolsa de Nova York seguiu subindo, e iso atraeu a novos investidores. Pero a situación da Bolsa era moi fráxil a causa do desequilibrio entre o estancamento da economía real e o desmesurado crecemento do valor das accións, que deu lugar a unha colosal **burbulla especulativa**. O perigo agravábase porque moitas persoas pedían créditos para comprar accións.

2.1. O «xoves negro».

Un primeiro descenso brusco das cotizacións, causado pola retirada de investidores, sementou o pánico entre aqueles que compraran as accións a crédito, que intentaron desfacerse delas canto antes para evitar perder máis diñeiro e poder pagar as súas débedas. De repente, o 24 de outubro de 1929, conecido como o «xoves negro», 13 millóns de accións ofrecéronse a venda cunha demanda case nula. O mercado colapsou e o afundimento dos valores bolsistas continuou ata 1933.

O afundimento da Bolsa provocou unha reacción en cadea que afundiou a economía estadounidense e deu lugar a unha longa crise coñecida como a **Gran Depresión**. As características desta crise foron as seguintes:

- O crac bolsista provocon a destrución do aforro (millóns de grandes e pequenos investidores arruináronse) e a drástica redución do consumo e do investimento.
- Os bancos afundíronse porque as persoas retiraban os seus aforros, supuxo o peche de milleiros de bancos e a perda dos aforros da poboación.
- Crise industrial e enormes taxas de paro. A caída brusca do consumo privado acelerou o descenso dos prezos e dos beneficios, e aumentaron os stocks.
- Non dispoñía dun sistema de axuda aos parados, que caeron na miseria. Millóns dos seus cidadáns quedaron sen fogar e tiveron dificultades para subsistir.

2.2. A crise no resto do mundo

Os países máis afectados foron os que en maior grao se nutrían dos créditos e investimentos de Estados Unidos, é dicir, os de Europa occidental. A economía alemá viuse moi comprometida porque o auxe das súas empresas nos últimos anos da década de 1920 estivo estimulado polos investimentos británicos e estadounidenses, e dependía dos créditos para facer fronte ás reparacións de guerra.

O colapso do sistema bancario provocou a quebra de moitas empresas, carentes de financiación. Ademais, os potenciais clientes quedaron sen capacidade de compra ao perder os seus aforros.

2.3. Consecuencias sociais e políticas da crise.

A economía capitalista non coñecera nunca un retroceso tan espectacular. Pero máis terribles foron as súas consecuencias sociais, tanto nos países industrializados coma nos menos desenvolvidos.

A miseria e o medo á fame estendéronse, sobre todo entre obreiros e campesiños, aínda que tampoco se salvaron as clases medias. Abriuse un abismo cada vez maior entre ricos e pobres e o resentimento social creceu de tal xeito que se produciu unha forte polarización política en Europa.

O sentimento de inxustiza contra o poder e o sistema económico invadiu as sociedades capitalistas e desatáronse folgas, manifestacións e «marchas da fame». A radicalización social concretouse no crecemento dos movementos revolucionarios. O temor ao chamado «perigo vermello», é dicir, a que miles de cidadáns optasen

polo comunismo, levou a unha forte represión governamental e ao xurdimento de grupos políticos de extrema dereita que tiñan como principal obxectivo impedir unha revolución.

2.4. As políticas fronte á Gran Depresión

En 1933 chegou á presidencia de Estados Unidos o demócrata F. D. Roosevelt, no momento máis intenso da depresión: drástica caída da demanda, afundimento da produción, do investimento e dos prezos e elevadísimo número de parados. Roosevelt puxo en marcha un programa de intervención económica estatal, coñecido como **New Deal** («novo trato»), que incluía as seguintes medidas:

- Programa para sanear o sistema bancario, para que os bancos ofrecesen seguridade nos seus depósitos e préstamos. Regulouse o funcionamento da Bolsa.
- Empeñouse un programa de fortes investimentos en obras públicas para crear postos de traballo.
- Intentouse diminuír a produción agrícola para elevar os prezos dos produtos agrarios e que se recuperasen as rendas dos agricultores.
- Forzouse aos empresarios a aceptar melloras sociais, como a fixación dun salario mínimo e a xornada laboral semanal de 40 horas.
- Creáronse pensións de vellez e viuvez, seguros por incapacidade e subsidios de desemprego, bases do Estado de benestar.

O New Deal non logrou que se recuperasen os niveis de produción de 1929 nin que se eliminase o paro, aínda que paliou os efectos máis graves da crise.

En Europa a resposta foi encamiñada cara ao proteccionismo e a **autarquía**. Os estados pretendían protexer a industria nacional fronte a importacións e isto levou á extensión dos aranceis e as guerras comerciais.

A imperante onda nacionalista promovía as industrias armamentísticas e as grandes obras públicas como resposta contra o paro. Estas políticas sentan as bases para un período proclive á guerra.

3- A CRISE DAS DEMOCRACIAS E O FASCISMO.

A **crise das democracias** tivo as súas orixes na conxunción dunha dobre ameaza. Dun lado, estaba a ameaza das organizacións de dereitas conservadoras, antidemocráticas e nacionalistas e, sobre todo, dos novos grupos de extrema dereita de ideoloxía totalitaria e ultranacionalista: os movementos fascistas. E, polo outro, premía o comunismo soviético, que desde 1917 implantara un novo modelo político e económico en Rusia e actuaba por medio do Komintern (Internacional Comunista) para propagar a revolución a outros países.

Os extremismos víronse reforzados polas dificultades internas de moitos países como consecuencia da Primeira Guerra Mundial e agudizáronse pola grave depresión dos anos trinta nun contexto no que as democracias tradicionais parecían ser incapaces de solucionar os problemas da cidadanía.

3.1. O fascismo.

Nas décadas de 1920 e 1930 produciuse en Europa a eclosión dunha nova ideoloxía e forma de organización política, o fascismo. A ideoloxía fascista tiña unhas características ben definidas:

- Defendía un Estado totalitario con control sobre todas as esferas da vida. Propugnaba a primacía do Estado sobre o individuo e a negación dos principios liberais, como a igualdade das persoas, os dereitos individuais e a separación de poderes.
- Apoiaba un sistema ditatorial de partido único. Este partido sustentábase no principio de liderado, segundo o cal o poder recaía nun xefe cun poder «carismático». O fascismo tratou de moldear unha sociedade asentada nos principios da xerarquía, da orde, da obediencia e da autoridade indiscutible dun home excepcional. Así estableceuse o culto á personalidade do líder.
- O fascismo propoñía unha «terceira vía» alternativa ao socialismo marxista e ao capitalismo. Defendía a creación dun modelo capaz de acabar co conflito de clases e de atraer tanto ás clases medias ameazadas polo proceso de concentración capitalista coma aos obreiros, oprimidos polo medo ao desemprego e á miseria.

Tema 5. A economía de Entreguerras. A Gran Depresión. O ascenso dos totalitarismos.

- Mantiña un nacionalismo agresivo, expansionista e militarista, que esixía unha nova posición para a súa nación no mundo. Estas ideas expansionistas orientaban os fascismos cara a guerra.
- Os fascistas eran racistas. No nazismo, o racismo e o antisemitismo convertéronse na doutrina central, como elemento aglutinador da unidade nacional, baseada na superioridade da raza aria, que tiña dereito a subxugar as razas inferiores.
- Machismo, relegando a muller a crianza dos fillos e aos labores do fogar.
- Xustificacións da violencia fronte aos oponentes políticos. A violencia considerábase un valor positivo e incluso terapéutico.
- Os partidos fascistas pretendían mobilizar as masas e encadralas no seo do partido e o sindicato únicos e nas súas milicias ou organizacións paramilitares. As milicias do partido outorgaron grande importancia aos símbolos, mitins e desfiles.

3.2. Bases sociais do fascismo.

Os partidos fascistas nunca lograron un apoio popular total, pero a súa base social, minúscula ao principio, foise incrementando paulatinamente ata alcanzar nalgúns países unha gran forza.

O fascismo recrutou os seus primeiros seguidores entre oficiais e combatentes desmobilizados tras a Primeira Guerra Mundial que tiveron unha difícil adaptación á vida civil. Despois sumáronse membros das clases medias afectados pola crise económica e temerosos da expansión do comunismo. Será decisivo o apoio dos grandes empresarios e terratenentes. En principio, estes financiaron as organizacións fascistas para usalas como forzas de choque fronte a socialistas e sindicalistas. Máis tarde, axudáronas para favorecer a instauración dun poder executivo forte, capaz de reorganizar a economía, superar a crise e deter a axitación obreira.

A toma do poder polo fascismo e o nazismo non pode explicarse sen os apoios que recibiu das propias institucións do Estado liberal: o exército e a policía toleraron e incluso colaboraron nas accións violentas que as organizacións fascistas realizaban para atemorizar os seus inimigos e conquistar o poder.

4. O FASCISMO ITALIANO.

4.1. Contexto.

O final da guerra tivo en Italia graves efectos económicos e sociais. Tras a desmobilización dos soldados, o número de desempregados elevouse e a inflación disparouse. Italia viuse envolta nunha vaga de folgas obreiras para lograr o aumento dos salarios e a redución da xornada laboral a oito horas. Isto atemorizou os empresarios e os terratenentes ante a ameaza de que se producise unha revolución de tipo bolxevique.

Á inestabilidade social sumábase a frustración polos resultados da Primeira Guerra Mundial, na que Italia loitou ao lado dos aliados. O feito de que non se cumprisen as promesas que os demais aliados lles fixeran provocou a indignación dos nacionalistas.

O fundador do fascismo foi **Benito Mussolini**, nacionalista extremo e director do periódico Il Popolo d'Italia, desde o que esixía unha agresiva política exterior e unha dura política anticomunista.

En 1919 Benito Mussolini fundou en Milán os **Fascios Italianos de Combate**, un grupo paramilitar de carácter ultranacionalista. Os membros identificábanse pola súa camisa negra. Os fascistas erixíronse en defensores a ultranza das reivindicacións nacionalistas dentro dun programa revolucionario. Unha das súas primeiras accións violentas foi a destrución, en 1919, das oficinas do diario socialista Avanti, porque consideraban que difundía sentimentos antinacionalistas.

O movemento fascista era aínda minoritario en 1919-1920, pero logrou aumentar os seus apoios sociais: os empresarios da gran patronal italiana, os terratenentes e propietarios agrícolas, así como a complicidade de sectores do exército e da policía. Todos eles viron no movemento fascista un instrumento que prometía poñer fin aos conflitos sociais e evitar unha revolución comunista.

En 1921 transformou os fascios no **Partido Nacional Fascista**. O fascismo converteuse nun movemento de represión das organizacións obreiras e campesiñas. Organizou escuadróns de combate que atacaban as sedes dos partidos de esquerdas, os sindicatos e as cooperativas. En outubro de 1922, nunha reunión do mando fascista en Nápoles, decidiuse a «**Marcha sobre Roma**» co obxecto de presionar ao Goberno. Os fascistas non lograrían o

Tema 5. A economía de Entreguerras. A Gran Depresión. O ascenso dos totalitarismos.

poder sen a connivencia das forzas do Estado (o Exército, moitos políticos...), pero a responsabilidade directa foi do rei Vitor Manuel III, quen enviou un telegrama a Mussolini no que lle solicitaba que formase Goberno.

4.2. A ditadura.

Ao principio Mussolini, como primeiro ministro, pareceu mostrar un certo respecto cara ao réxime democrático. Organizou un Goberno de coalición e conseguiu do Parlamento poderes extraordinarios. En 1924, tras a aprobación dunha nova lei electoral, os fascistas e os partidos que apoiaban ao Goberno lograron nas eleccións o 64% dos votos.

Tras as eleccións, produciuse o asasinato do deputado socialista Matteotti por bandas fascistas. Este deputado reclamara a nulidade das eleccións porque o fascismo utilizara a violencia e a intimidación. Mussolini respondeu acelerando a implantación da ditadura. O primeiro paso foi impedir aos socialistas que ocupasen os seus escanos no Parlamento.

Mussolini, sen oposición ningunha, desenvolveu as chamadas **Leis fascistísimas**, que incluían medidas diversas: a creación dun tribunal de delitos políticos e unha policía política secreta, a eliminación dos demais partidos e dos sindicatos, e a implantación da censura de prensa. Ademais, os poderes de Mussolini foron desde entón ilimitados.

A fascistización do Estado conduciu a un réxime totalitario de partido único, o Partido Nacional Fascista. Pero o partido era un mero órgano burocrático encargado da propaganda e do control ideolóxico das masas. O poder residía en Mussolini (o duce). O proceso completouse coa sinatura dos Pactos de Letrán (1929), que consolidaron o réxime e puxéronlle fin ao litixio entre o Estado italiano e a Igrexa católica. Nacía oficialmente o Estado do Vaticano. Recoñeciase o catolicismo como a única relixión do Estado, e a relixión volveu ensinarse obrigatoriamente nas escolas. A cambio, a Santa Sé recoñeceu o Estado fascista e a capitalidade de Roma.

4.3. Adoutramento e control social.

O Estado fascista aspirou a controlar a forma de pensar e as actividades da poboación. Por iso lle outorgou unha grande importancia á educación. Os mestres foron obrigados a impartir clases vestidos coa camisa negra e xurar fidelidade ao réxime. Así mesmo, os nenos e mozos entre os 4 e os 18 anos debían formar parte de organizacións xuvenís controladas polo partido. O réxime fascista animou en teoría ás mulleres a saír do ámbito doméstico, pero a lexislación laboral penalizounas. Ademais, a defensa dunha política natalista reforzou o seu papel de esposa e nai.

Mussolini pretendeu exercer un control total sobre a cultura e os medios de comunicación (prensa, radio e cine) mediante un Ministerio de Propaganda.

O fascismo optou polo sistema corporativista. O Estado fascista pretendía organizar a economía e xestionar as organizacións sociais (sindicatos e patronal) baixo o principio da colaboración de clases. Pero este sistema foi unha fachada xa que a lexislación permitía un unico sindicato e declarou ilegal a folga.

O fascismo aplicou, primeiro, unha política económica liberal favorable ás grandes empresas que deu paso, en 1925, a unha política intervencionista: tras a crise de 1929 optouse pola autarquía e a partir de 1936 deseñouse unha auténtica economía de guerra que sustentase o expansionismo fascista.

5. A ALEMAÑA NAZI.

En novembro de 1918, tras a abdicación do emperador Guillerme II e mentres continuaban os combates da Primeira Guerra Mundial, o Partido Socialdemócrata proclamou a **República de Weimar**.

Nos primeiros anos da súa existencia, a república viviu unha situación de grave inestabilidade económica como consecuencia da reconstrución do país, as indemnizacións establecidas no tratado de Versalles e a crise de hiperinflación. Esta situación deu lugar a un gran malestar social e político e a unha crecente desconfianza da poboación cara ao novo sistema republicano. Neste clima aumentou a radicalización política e o descontento coa democracia: movementos revolucionarios comunistas e movementos violentos de extrema dereita.

Entre 1924 e 1929 a República de Weimar coñeceu un período de estabilidade, despois de que as potencias vencedoras na Primeira Guerra Mundial decidisen axudar a Alemaña a saír da crise.

5.1. Os comezos do nazismo

En 1919, en Múnic, fundouse un de tantos partidos nacionalistas que difundían unha propaganda antiliberal e racista, o Partido dos Traballadores Alemáns (DAP). Co ingreso de Hitler neste partido comezou propiamente a historia do movemento nazi. En 1920 dirixiu un comité que elaborou o programa de 25 puntos do partido, que cambiou o seu nome polo de Partido Nacional Socialista dos Traballadores Alemán (NSDAP). Ese ano formáronse as SA, unha organización paramilitar que pronto exerceu a violencia contra os seus adversarios.

As ideas centrais do programa foron dúas:

- A necesidade de establecer unha ditadura nacionalista forte e capaz de preservar a pureza racial e eliminar os inimigos de Alemaña: os demócratas, os marxistas e os xudeus.
- O desexo de unir a todos os alemáns nunha Grande Alemaña, dotada dun «espazo vital» que asegurase o desenvolvemento da raza aria.

Hitler, elixido líder do partido en 1921, impuxo no NSDAP unha estrutura elitista e xerarquizada, na que o **führer** (xefe) constituíse o soporte central da organización.

En 1923; no medio da hiperinflación e da exaltación nacionalista grupos ultranacionalistas de dereitas, entre os que estaba Hitler e o seu pequeno partido, prepararon un golpe de Estado conecido como **putsch de Múnic**, que fracasou estrepitosamente. Hitler foi metido no cárcere. Na prisión escribiu **Mein Kampf** (*A miña loita*), libro no que expuxo os principios básicos do nazismo.

En 1925, tras a súa saída da prisión, Hitler refundou o partido e reformulou o seu programa co fin de ampliar os seus apoios sociais: limitou os seus postulados anticapitalistas á loita contra os financeiros xudeus, e utilizou eficazmente a profunda corrente antisemita e anticomunista existente en Alemaña, e a grande impopularidade do Tratado de Versalles. Este cambio de estratexia busca transformar o seu partido nun movemento de masas. Decidiu aceptar o xogo parlamentario e utilizou con grande eficacia todos os métodos de propaganda, os mitins, as marchas, os uniformes e a instrución militar como medio para alcanzar o poder.

5.2. A crise da república e o ascenso do nazismo

A Gran Depresión incrementou o apoio electoral aos nazis. A crise tivo uns efectos catastróficos. A repatriación de capitais estadounidenses produciu a quebra do sistema bancario alemán e o desemprego provocou a miseria de amplas capas da poboación. Os partidos tradicionais perderon prestixio e apoio social pola súa incapacidade para afrontar a crise. Polo contrario, os nazis ampliaron as súas bases entre as clases medias, a clase obreira, os grandes industriais e os terratenentes.

No medio da crise da república intensificáronse as actividades de violencia das SA. Nas eleccións de 1930 o partido nazi pasou de 12 a 107 escanos, e converteuse no segundo partido máis importante do Reichstag. Hitler aproveitou este éxito para intensificar os seus contactos coa dereita tradicional, incluídos os nacionalistas, o Exército, os magnates da industria pesada (Thyssen, Siemens) e os grandes propietarios.

Nas eleccións presidenciais de 1932 só dous candidatos tiñan posibilidades de vitoria: Hindenburg, que se presentaba á reelección co apoio da dereita moderada e dos socialdemócratas, e Hitler. Venceu o presidente Hindenburg.

Tras varios gobernos curtos a inestabilidade era evidente, a dereita tradicional optou por persuadiu a Hindenburg para que nomease a Hitler chanceler nun Goberno de coalición entre os nazis e a dereita clásica. Os dous pensaron que ao elevar ao poder ao líder nazi, este quedaría sometido ás directrices da dereita tradicional. Foi un enorme erro.

5.3. A ditadura nazi e o nacemento do Terceiro Reich

Entre febreiro de 1933 e agosto de 1934 construíuse en Alemaña o Estado totalitario. Unha vez no Goberno, Hitler mantivo o seu radicalismo e afanouse por acaparar todos os resortes do poder, desprezando os seus socios de coalición. Primeiro obtivo de Hindenburg a disolución do Reichstag e a convocatoria de novas eleccións en marzo de 1933, para reforzar o Executivo. A campaña electoral desenvolveuse nun clima de violencia extrema, no que as organizacións paramilitares nazis (SA e SS) perseguiron e ameazaron aos políticos de esquerdas.

Tema 5. A economía de Entreguerras. A Gran Depresión. O ascenso dos totalitarismos.

Neste ambiente produciuse o incendio do Reichstag, do que os nazis dixeron que era parte dun complot comunista e aproveitaron a situación para suspender os dereitos fundamentais e expulsar os comunistas do Reichstag.

En marzo de 1933, no medio deste estado de excepción, celebráronse as eleccións. A pesar da represión contra os partidos de esquerdas, o NSDAP non logrou a maioría absoluta. Pero os nazis apoiáronse, de novo, nos partidos de dereitas. Deste xeito, o novo Parlamento aprobou unha lei que outorgaba ao chanceler plenos poderes durante catro anos para promulgar leis sen consultar ao Reichstag; só os socialdemócratas se opuxeron. Hitler, que se convertera de feito en ditador, utilizou esa lei para eliminar todos os partidos políticos, excepto o NSDAP. Alemaña converteuse nunha ditadura de partido único.

O 30 de xuño de 1934, a «**noite dos coitelos longos**», Hitler ordenou o asasinato do xefe das SA, Röhm, e dos seus principais dirixentes, así como de destacados opositores, asegurándose o poder total do partido.

Coa morte do presidente Hindenburg, en agosto de 1934, Hitler deu o seu último paso. Agora, co apoio do exército, asociou a chancelaría á presidencia do Reich. Iso significou a subordinación do novo exército e da policía ao partido nazi, converténdose así en garantes da política do Terceiro Reich.

5.4. A política nazi de adoutramento e propaganda

O réxime nazi desatou unha campaña masiva de adoutramento e control ideolóxico que tiña como obxectivo empapar a toda a sociedade da ideoloxía nacionalsocialista e fomentar o culto ao fñhrer como un ser infalible.

Parte deste adoutramento levouse a cabo a través da educación e das organizacións xuvenís. Rapaces e rapazas desde os dez anos, rixidamente separados, entraron a formar parte das Xuventudes Hitlerianas, nas que se lles inculcaba a camaradaría, a obediencia e o sentido do deber. A educación foi rigorosamente controlada co fin de adoutrinar a xuventude nas teorías racistas, no antisemitismo e no militarismo. Tamén se suprimiu a liberdade de expresión e censuráronse todas as actividades literarias e artísticas e organizouse a queima de libros contrarios á ideoloxía nazi.

A propaganda nazi utilizou con moita eficacia os medios de comunicación (prensa, radio) e a cultura (cine, música, teatro, artes plásticas, arquitectura) para difundir os valores patrióticos e racistas. Joseph Goebbels concentrou na súa persoa, desde 1933, a educación e todo o aparello ideolóxico do Terceiro Reich, á fronte do Ministerio da Propaganda.

Un dos obxectivos prioritarios do Estado nazi foi asegurar a cohesión social, substituíndo a división en clases sociais pola unidade e a supremacía racial. Para iso consideraba necesario suprimir todas as «impurezas» que non se axustaban ao estereotipo ario. Con todo, o grupo máis amplo de vítimas da «limpeza» racial foi a comunidade xudía. As medidas contra os xudeus pasaron por tres fases:

- Eliminación dos dereitos dos xudeus e expolio dos seus bens. **Leis de Nñremberg**, que excluían os xudeus de cidadanía alemá e prohibían os matrimonios mixtos.
- Desde finais de 1938 o antisemitismo fixose máis violento. Na noite do 9 ao 10 de novembro de 1938, a «**noite dos cristais rotos**», tendas e sinagogas xudías foron saqueadas e destruídas polas SA e as SS. Inmediatamente despois, miles de xudeus alemáns e austríacos foron detidos e encerrados en campos de concentración.
- A partir de 1942, en plena Segunda Guerra Mundial, Hitler ordenou a «**Solución Final**», é dicir, o programa de eliminación total da poboación xudía de Europa, que se levou a cabo a través dunha inmensa rede de campos de traballo e exterminio situados en diferentes países. Neles morreron máis de seis millóns de xudeus.

5.5. Autarquía e rearmamento

O Goberno nazi interveu na economía. Nas fábricas introduciuse unha ríxida estrutura para asegurar a orde e a disciplina dos traballadores. Os sindicatos foron eliminados.

Adoitan distinguirse dous períodos na política económica do Terceiro Reich:

Tema 5. A economía de Entreguerras. A Gran Depresión. O ascenso dos totalitarismos.

- O primeiro deles corresponde aos primeiros anos e centrouse nos problemas máis preocupantes: a reactivación da economía, o impulso do comercio exterior e a diminución do desemprego. Coa finalidade de reducir o número de parados emprendéronse algunhas obras públicas (autoestradas, aeroportos, estadios, etc.).
- O segundo caracterizouse pola autarquía económica e o rearmamento intensivo. Impulsouse ao máximo a utilización dos recursos do solo e do subsolo, desenvolveuse a produción de sucedáneos e de produtos sintéticos (para evitar ter que depender das importacións) e incrementáronse os investimentos nos sectores relacionados coa industria de guerra (armamento, siderurxia, química...). Tamén se conxelaron os salarios, alongouse a xornada laboral e impúxose incluso o racionamento. Goering foi o encargado do plan cuadrienal e da política de rearmamento.

Pero a autarquía non foi total pola falta de materias primas estratéxicas, e estaba relacionada co concepto de espacio vital alemán e as intencións de anexionar territorios e recursos doutros países. Esta política económica era insustentable a longo prazo e o seu mantemento dependía do estalido dunha guerra para dar saída á grande acumulación de armamento e obter recursos.